



EXPTE. 2020/G010/000005

**ACTA SESIÓN ORDINARIA
CONCELLO PLENO
29 DE MAIO DE 2020**

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dna. Sandra Insua Rial

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Fabián Canosa Pasantes
Dna. Encarnación Liñeiro Pouso
D. Sergio Caamaño Fernández
Dna. Begoña Tajés Méndez
D. Germán Camiño Mouzo
Dna. Lara Pasantes Campaña
Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño
D. Mauricio Auffero Vigo
Dna. Paula Mouzo Mas
Dna. Yolanda Fernández Pájaro
D. Santiago Pose Parga
Dna. Ilva Carril Martínez

Escusa a súa asistencia:

Secretaria:

Dna. M^a Loreto López Fernández

En Camariñas, sendo as 20:00 horas do día **vinte e nove de maio de dous mil vinte** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistida da Secretaria da Corporación, Dna. M^a Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, María E. García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

A presente sesión se celebra a distancia, mediante videoconferencia, ao abeiro do establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade coa convocatoria realizada pola Alcaldía, en virtude do Decreto 185/2020, de data 26 de maio de 2020.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA



PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 31 DE XANEIRO DE 2020

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2019/G010/000001) celebrada o día 31 de xaneiro de 2020** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos membros presentes, aprobar a acta da sesión ordinaria de 31 de xaneiro de 2020.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 11 DE MARZO DE 2020

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión extraordinaria (2019/G010/000002) celebrada o día 11 de marzo de 2020** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos membros presentes, aprobar a acta da sesión extraordinaria de 11 de marzo de 2020.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 30 DE ABRIL DE 2020

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión extraordinaria (2019/G010/000003) celebrada o día 30 de abril de 2020** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:



Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos membros presentes, aprobar a acta da sesión extraordinaria de 30 de abril de 2020.

4º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 163/2020, DE DATA 27 DE ABRIL DE 2020, REFERIDO Á APROBACIÓN TRAS A SÚA CORRECCIÓN DE DOUS PROXECTOS DE OBRA INCLUIDOS NO POS+ 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

O pleno do Concello de Camariñas, en sesión de data 17 de decembro de 2019, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, aprobando así mesmo os proxectos de obra seguintes:

- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA ROZAS DE AROU.
- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA RUCHEIRA DE AROU

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", foi remitida ao organismo provincial por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL).

Detectadas diversas deficiencias nos proxectos de obras presentados e antes referidos, a Deputación Provincial requiriu ao Concello para que, a maior brevidade posible, procedera a súa emenda e aprobación, sendo o prazo límite outorgado o día 30 de abril de 2020.

Así emendadas polo técnico redactor as deficiencias detectadas nos proxectos, visto o prazo perentorio outorgado pola Deputación para subsanar as deficiencias e considerando que estas non afectaban ao contido substancial dos proxectos aprobados polo pleno, a Alcaldía ditou o oportuno Decreto 163/2020, de data 27 de abril de 2020, acordando que o mesmo debería ser sometido ao pleno da Corporación para a súa ratificación.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e afectada posteriormente polo Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 maio) a suspensión dos prazos administrativos. Así, unha correcta interpretación da citada disposición esixía e esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que fose/sexo a súa natureza, así como que os citados procedementos renovaríanse cando desapareza a situación que orixinou esta suspensión, isto é, a vixencia do estado de alarma.

Non obstante a citada disposición, tal e como di o Decreto Alcaldía 163/2020, recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os "que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos



servizos”, no que se considerou e se segue a considerar que encadra perfectamente o presente procedemento e trámite, atender ao requirimento da Deputación provincial para poder continuar adiante coa tramitación do “POS+ 2020”.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos e levantada xa, o 27 de abril de 2020, a suspensión deste procedemento é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro: Ratificar o Decreto da Alcaldía 163/2020, de data 27 de abril de 2020, sendo este do seguinte teor literal:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN TRAS A SÚA CORRECCIÓN DE PROXECTOS DE OBRA INCLUÍDOS NO POS+ 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

EXPEDIENTE: 2019/A008/000040

O pleno do Concello de Camariñas, en sesión de data 17 de decembro de 2019, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando así mesmo os proxectos de obra seguintes:

MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA ROZAS DE AROU.

MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA RUCHEIRA DE AROU.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, foi remitida ao organismo provincial por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL).

Detectadas diversas deficiencias proxectos de obras presentados e antes referidos, a Deputación Provincial requiriu ao Concello para que, a maior brevidade posible, procedera a súa emenda e aprobación.

Comunicada esta circunstancia aos técnicos redactores dos proxectos, estes procederon a emendar as deficiencias detectadas e a presentación dos novos proxectos corrixidos.

Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma establece na disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo):

“Suspensión de prazos administrativos.

1. Suspéndense termos e interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. *O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.*

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos *que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, **ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral** ou para o funcionamento básico dos servizos.*

.../”



Visto que a correcta interpretación do citado precepto esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que sexa a súa natureza.

Visto que a norma recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os “que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”, no que se considera encadra perfectamente o presente procedemento e trámite, atender ao requirimento da Deputación provincial para que se poda continuar adiante tramitación do “POS+ 2020”.

Visto, ademais o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para a emenda e aprobación dos novos proxectos corrixidos, 30 de abril de 2020, polo que resulta imposible e/ou moi dificultoso que o presente acordo sexa sometido ao pleno da corporación, órgano competente, e considerando que as deficiencias detectadas non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica, polo que queda inalterado o contido substancial do proxecto aprobado no seu día polo pleno, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, aprobando os novos proxectos técnicos emendados (documentos completos):

Denominación do proxecto	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA ROZAS DE AROU
Técnico redactor do proxecto	ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL, D. JUAN CARLOS CANOSA MARCOTE
ORZAMENTO TOTAL	85.705,73 €

Denominación do proxecto	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA RUCHEIRA DE AROU
Técnico redactor do proxecto	ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL, D. JUAN CARLOS CANOSA MARCOTE
ORZAMENTO TOTAL	39.408,94 €

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre a partir da data do presente decreto, para o seu coñecemento e ratificación.

Terceiro: Dar traslado do presente decreto á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, xunto cos proxectos técnicos (documentos completos) que se aproban neste acto.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Son dúas rúas de Arou, a Rucheira e Rozas, no proxecto nos mandaron aclarar unhas cousiñas, xa o corriximos, o arquitecto xa o corrixiu e o temos que volver aprobar en pleno coas correccións”.



Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (8 grupo municipal socialista e 4 grupo municipal do PP)
Votos en contra: 0
Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

5º.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Visto que o Concello de Camariñas se adheriu ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Visto que en cumprimento do citado convenio a Empresa Pública de Servicios de Galego, S.A (SEAGA) remitiu ao Concello de Camariñas o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF).

Considerando que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención en defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu art. 7, atribúe aos municipios a competencia para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade; colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria de xestión da biomasa, e o deber de xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Considerando que o obxectivo principal deste Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais é a definición da rede de faixas secundarias de xestión da biomasa formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Considerando que este obxectivo fundamental concrétase nunha serie de accións sobre o territorio que buscan organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.

Considerando, pois, que a redacción do presente Plan pretende, por tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios



forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

Visto que o Plan se axusta ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención en defensa contra os incendios forestais de Galicia e que ten sido informado favorablemente pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, en data 19 de febreiro de 2020, dando cumprimento ao art. 16 da citada norma.

Visto que a aprobación do Plan debe axustarse, ademais, ao procedemento previsto na lexislación galega de emerxencias, Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, sendo, pois, o pleno do Concello o órgano competente para a súa aprobación.

Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e afectada posteriormente polo Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 maio) a suspensión dos prazos administrativos. Así, unha correcta interpretación da citada disposición esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que sexa a súa natureza, así como que os citados procedementos renovaranse cando desapareza a situación que orixinou esta suspensión, isto é, a vixencia do estado de alarma.

Visto que non obstante a citada disposición recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os *“que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*, no que se considera que encadra perfectamente o presente procedemento e trámite á vista da finalidade/obxecto do plan, establecer as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais, reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, aprobando o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Camariñas.

Segundo: Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte en cumprimento do por ela ordenado.

Terceiro: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Dou a palabra ao Concelleiro, Sr. Caamaño Fernández”.



O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “O ano pasado nos adherimos a un convenio coa Xunta de Galicia para que se fixeran cargo e xestionaran as franxas secundarias. Agora mesmo nesa parte do convenio estamos en aprobar o que é o plan de incendios, no que marcariamos cales son as nosas franxas secundarias, este plan o redactou a empresa SEAGA a petición da Xunta de Galicia, formaba parte do convenio. Unha vez recibido e estudado pola nosa parte o mandamos á Xunta de Galicia para que dera o visto bo ao plan que tiña redactado SEAGA. O informe da Xunta foi favorable e agora sometemos a pleno a aprobación dese plan”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Podías explicar e ler á xente, xa que estamos en directo, como vai ser o plan e cales van ser as condicións dese plan, explicar os métodos para cortar, para limpar, como se vai facer... ”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Nós non marcamos as normas como cortar nin a distancia que hai que respectar das franxas secundarias o único que se marca no plan é indicar cales son as franxas secundarias e as fincas que están afectadas, que ao final son as que están a 50 m dos núcleos urbanos e dos núcleos rurais. A lei de incendios e toda esa normativa non é municipal, este plan non altera nada, nin incorpora ningunha normativa nova. O único que hai é un convenio coa Xunta de Galicia que firmou coa FEGAMP e tamén SEAGA, no que a Xunta de Galicia é a que se vai facer cargo da xestión da biomasa das franxas secundarias.

A normativa para cortar xa se puxo en varios bandos, xa se sabe a través dos distintos medios de comunicación. Nós non estamos alterando ningún tipo de normativa, o único que estamos é aprobando un plan, marcando cales son as nosas franxas secundarias para que todo o mundo saiba cales son, é despois hai que cumprir a norma. Despois aqueles montes que sexan propiedade do Concello, aquelas vías que sexan propiedade do Concello será SEAGA quen se ocupe delas, os terreos que sexan propiedade privada e están dentro desas franxas secundarias son os propios particulares os que se teñen que ocupar delas. Non sei que con isto aclarei a dubida”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Non. Xa sabemos de antes, a única variación é que agora... antes era un aviso de cortade xa senón vai haber unha multa, agora non é unha multa, te van cobrar por limpar os montes, o que tedes que explicar á xente é que se de agora para adiante non o están, se dá parte desa xente, se fai o traballo no terreo e eles teñen que pagar ese coste”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “A normativa de prevención de incendios pola que ti tes que limpar a túa franxa secundaria e retirar os árbores que non poden estar na franxa secundaria, como puideran ser os pinos e os eucaliptos, é a mesma normativa de sempre, o que hai é un convenio de colaboración no que no caso hipotético, no que houbera que entrar nunha finca privada, porque o propietario é descoñecido ou que o propietario se nega a cortar, nese caso tiña que ser o Concello quen entrara a cortar, neste caso, non vai entrar o Concello, vai entrar SEAGA, é a única diferenza”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ata agora o Concello non entrou en ningún terreo e agora case que vai ser obrigatorio que entre no terreos non?, sobre todo se hai denuncias”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Non é obrigatorio. Nós avisamos, metemos bandos e informamos á xente que ten que cumprir



co tema da lei de incendios, se hai algunha persoa que incumpre temos que abrir un expediente, temos que dar un trámite de audiencia, hai un proceso largo, chegado ese caso no que o Concello poda entrar xa dentro dunha propiedade, quen vai entrar vai ser SEAGA a través deste convenio que temos coa xunta de Galicia, pero antes de todo iso hai comunicacións ao propietario, hai un tempo para que o propietario cumpra, hai un trámite para que o propietario poda alegar e demais”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Era ao que me refería pero a xente que se dea conta que ao final, ao cabo van entrar igual si ou si no terreo”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Pero isto vai ser así con este ou sen este convenio”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Xa o sei a única diferenza vai ser SEAGA tamén deberías informar sobre o coste”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Iso non é o que se está sometendo a este pleno, neste pleno o que estamos sometendo é a aprobación dun plan de incendios no que marcamos unhas franxas secundarias, non estamos sometendo ao pleno o convenio que firmamos coa FEGAMP, coa Xunta e con SEAGA”

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

6º.- APROBACIÓN PROVISIONAL (2ª) DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Visto que o Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 21 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

“O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas, foi aprobado definitivamente por Orde do 26 de decembro de 2012, do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG, núm. 7 de data 10 de xaneiro de 2013). En cumprimento da devandita Orde e do establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o art. 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural Galicia, procedeuse á publicación da normativa e ordenanzas do devandito Plan Xeral no Boletín Oficial da Provincia (núm. 12, de 17 de xaneiro de 2013).

O pleno do Concello, en sesión de data 28 de novembro de 2014 acordou, parte resolutive do acordo:



“Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal: “Modificación puntual nº1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas”, elaborada por Consultora Galega, SL, e asinada polo arquitecto-urbanista, D. Xoán Carlos Portela Regodeseves (integrante da dirección do equipo redactor).

Segundo: Someter a presente modificación e os restante documentos integrantes do expediente a información pública polo prazo dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, dar audiencia aos municipios limítrofes.

Todo elo a efectos de que durante tal período podan formularse as alegacións e/ou suxestións que se consideren oportunas, computándose o prazo desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio, ou no seu caso da notificación, e ata o transcurso do prazo de dous meses a contar desde a última das publicacións referidas, ou no seu caso da notificación.

O anuncio de información pública dará cumprimento ao preceptuado polo art. 11.3 do Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei solo.

Terceiro. Solicitar ás administracións públicas competente en materia de costas (Estado e Comunidade Autónoma), estradas (Comunidade Autónoma e Deputación), planificación da paisaxe, plan de ordenación do litoral e montes os informes sectoriais aos que se refire o art. 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cuarto. Non suspender o outorgamento das licencias (parcelación de terreos, edificación e demolición) dadas as características/contido da modificación. Non obstante para aquelas solicitudes de licenza que se podan ver afectadas polas novas determinacións da modificación, se comprobara o cumprimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente e da modificación puntual aprobada inicialmente. No anuncio de aprobación inicial se fará expresa mención a este aspecto”.

Visto que durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Visto que foron solicitados das administracións públicas competentes os informes sectoriais esixidos legalmente, incluída a audiencia aos municipios limítrofes.

Visto o documento “Modificación Puntual nº 1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas (A Coruña). Documento aprobación provisional”, elaborado por Calixto Escaríz, S.L.U e asinado polos representantes do equipo redactor, D. Calixto Escaríz Vázquez, director xurídico (avogado) e D. Diego Rodríguez Enríquez, director técnico (arquitecto).

Considerando que o documento que se somete a aprobación provisional recolle as modificacións derivadas dos trámites seguidos tras a aprobación inicial (informes sectoriais) e das obrigadas adaptacións aos cambios normativos (entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Considerando que a presente modificación se funda nas seguintes razóns de interese público:



“Logo da aprobación definitiva do PXOM de Camariñas puxéronse de manifesto diversas cuestións relativas á necesidade de realizar pequenos cambios que permitan ao instrumento de ordenación municipal, tanto adaptarse a novos usos e necesidades de servizo como corrixir pequenas imprecisións normativas que se atopan no documento actual.

As principais razóns da elaboración da presente modificación puntual son as de acadar un documento normativo claro, polo cal é preciso aclarar e incluso incorporar certas cuestións recollidas na normativa cuxa interpretación pode chegar a non ser precisa, e polo tanto suscitar controversias dependendo que a interpretación sexa unha ou outra”.

Considerando que os obxectivos e criterios que informan a modificación se concretan en:

“Tanto a LOUG no seu artigo 4 coma a vixente LSG no seu artigo 5, recollen con unha semellante redacción, os fins da actividade urbanística en desenvolvemento dos principios enunciados nos artigos 45, 46, e 47 da Constitución, e as cuestións de corrección ou incorporación na M.P. que se formula, antes ao amparo da LOUGA e tras a entrada en vigor da LSG de acordo coas determinacións de esta en virtude do disposto na súa D.T. 2ª.2, fan súa a necesidade de contribuír a acadar eses obxectivos e ademais desenvolve os seguintes obxectivos complementarios cos anteriores:

.../

En resumo: a modificación do PXOM trata de dar resposta a unha serie de requirimentos moi localizados, cuxa resolución redundará tanto na mellora da eficacia do uso do propio instrumento de ordenación municipal como en posibilitar unha maior asunción das súas determinacións, interiorización dos seus preceptos e satisfacción por parte dos seus administrados, todo elo permitindo posibilitando unha mellor regulación das actividades existentes ou que eventualmente se podan implantar no territorio, e todo elo sen que a acaída protección do medio ambiente, o patrimonio e os recursos que é un dos obxectivos principais do PXOM se vexa comprometido.

Estes obxectivos, ao momento de aprobarse inicialmente a M.P., cumprían practicamente tódalas posibilidades que a LOUG, norma aplicable nese momento, citaba no seu art. 94.1 como fundamentos para as modificacións do planeamento urbanístico, sendo que, do mesmo xeito, cumpren agora tamén as determinacións dispostas no vixente artigo 83 da LSG, relativo á modificación do planeamento urbanístico, aplicable en virtude do disposto na D.T. 2ª 2 da LSG.

En resume, os obxectivos desta modificación incardínanse na mellora da calidade de vida da poboación de Camariñas, obxectivo básico do planeamento urbanístico”.

Considerando que a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúan.

Considerando que as alteracións que se pretenden no presente caso constitúen unha modificación do Plan Xeral ás que se refire o art. 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Vistos os informes emitidos polo arquitecta e pola secretaria municipal, que obran no



expediente.

Visto o establecido no art. 22.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o establecido no art. 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aplicable en virtude da disposición adicional 2ª apartado 2º da citada norma, é polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas.

Segundo: Remitir á administración do Estado (órgano competente en materia de costas), de conformidade co establecido nos arts. 112 a) e 117.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e do Informe emitido pola Dirección General de sostenibilidade de la Costa y el Mar, en data 4 de marzo de 2015, o expediente completo, dilixenciado e con carácter previo a súa aprobación definitiva.

Terceiro: Someter a modificación puntual a novo informe da Axencia Galega de Infraestruturas, dando cumprimento ao informado por este organismo con ocasión da aprobación inicial.

Cuarto: Realizados os trámites anteriores, remitir, de conformidade cos arts. 60.16, 61 e disposición adicional 2ª apartado 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao órgano autonómico competente, que teña que dar a aprobación definitiva, o expediente completo debidamente dilixenciado.

Quinto: Proceder á publicación e rexistro da modificación puntual de conformidade co previsto nos arts. 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Visto que en cumprimento de devandito acordo foron solicitados os correspondentes informes á Axencia Galega de Infraestruturas e á Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo terrestre.

Visto que os citados informes obran no expediente, informe da Axencia Galega de Infraestruturas, asinado entre o 12 e 17 de xuño (RXE nº 201990000001145, de data 18 de xuño) e o informe da Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo terrestre, de data 11 de febreiro de 2020 (RXE nº 202090000000241, de data 14 de febreiro).

Visto que se teñen introducido modificacións no documento aprobado provisionalmente, en maio de 2019, aos efectos de dar cumprimento ás consideracións que constan no informe emitido pola Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo terrestre.

Vistos os informes emitidos polos servizos municipais que obran no expediente.

Considerando que debe someterse ao pleno o novo documento da Modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas, datado a febreiro de 2020, aos efectos de continuar a tramitación do expediente.

Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece na súa



disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e afectada posteriormente polo Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 maio) a suspensión dos prazos administrativos. Así, unha correcta interpretación da citada disposición esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que sexa a súa natureza, así como que os citados procedementos renovaranse cando desapareza a situación que orixinou esta suspensión, isto é, a vixencia do estado de alarma.

Visto que non obstante a citada disposición recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os *“que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*.

Considerando que este expediente/trámite se encadra perfectamente no suposto antes referido á vista da finalidade/obxecto da modificación pois a mesma se fundamenta, tal e como esixe o art. 83.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en razóns de interese público debidamente xustificadas tal e como ten quedado acreditado no expediente.

Considerando ademais que neste momento da tramitación do expediente non se ven afectados os intereses/dereitos de terceiros (interesados-particulares) pois o actuación inmediata tras a aprobación provisional polo pleno é a remisión do expediente ao órgano autonómico competente, que teña que dar a aprobación definitiva.

Vistos, pois, os antecedentes anteriormente expostos, o establecido no art. 22.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o establecido no art. 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aplicable en virtude da disposición adicional 2ª apartado 2º da citada norma, é polo que se ACORDA:

Primeiro: Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Segundo: Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas, documento datado en febreiro de 2020, ao que se incorporan as consideracións feitas pola Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo terrestre no informe emitido en data 11 de febreiro de 2020.

Terceiro: Remitir, de conformidade cos arts. 60.16, 61 e disposición transitoria 2ª apartado 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao órgano autonómico competente, que teña que dar a aprobación definitiva, o expediente completo debidamente dilixenciado.

Cuarto: Que, no seu caso, se realicen os trámites oportunos para proceder á publicación e rexistro desta modificación puntual de conformidade co previsto nos arts. 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Xa o aprobamos, o mandamos a Costas do Estado e se recolle o sinalado por Costas”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “A única pega que pon é o do castelán?”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Estabamos esperando polo informe da Dirección Xeral de Costas e da AXI, a Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo terrestre pide que se incorporen unha serie de cousas, sobre todo que hai uns deslindes abertos, recoñecer que os peches dos muros teñen que cumprir a súa normativa, é algo que non altera a modificación que nós plantexabamos, querían que o fixeramos constar na modificación.

Levamos tempo con esta modificación o que pretendiamos era flexibilizar o fondo mínimo, naquelas zonas no que só se podía utilizar un edificio para vivenda plurifamiliar sexa posible a unifamiliar, corrixir o erro da pendente da cuberta e o tema dos peches. Estabamos esperando polos dous informes de Costas e da AXI e agora que os temos, seguimos ”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista) Votos en contra: 0 Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

7º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 6/2020

Ditame da Comisión Especial de Contas:

Vista a relación de facturas pendentes de aprobación, correspondentes a servizos e subministros do ano 2019, que se relacionan a continuación e que forman parte do expte REC 6/2020 por un importe total de 249.964,26 €.

Acreditada a existencia de consignación no orzamento vixente da Corporación para o ano 2020, unha vez aprobado o expediente 2020/T002/000004 de modificación de créditos nº 4 por transferencia .

Visto que todas as facturas figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento" xa que non puideron ser aprobadas por tratarse de servizos de anos anteriores o falta de crédito adecuado e suficiente, mais se considerou que os servizos prestados tiñan carácter de imprescindible para o mantemento dun nivel mínimo de calidade de vida da poboación do municipio.

Visto ademais a necesidade de pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outras facturas do exercicio en curso.



Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma establece na disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo):

“Suspensión de prazos administrativos.

1. *Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.*

2. *A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

3. *Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.*

4. *Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.*

5. *A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos procedementos administrativos nos ámbitos da afiliación, a liquidación e a cotización da Seguridade Social.*

6. *A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias.”*

Considerando que o pago aos provedores resulta indispensable para a protección do interese xeral e para garantir o funcionamento básico dos servizos, moitos deles esencias, e que os devanditos pagos axudan a dar liquidez aos contratistas e/ou provedores e polo tanto a súa capacidade económica.

Considerando, abondando no dito no parágrafo anterior, que o gasto xa está executado e que non se debe/pode causar prexuízo algún aos contratistas e/ou provedores e debe ser evitado un enriquecemento inxusto por parte desta Administración.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparación formulado pola Intervención Municipal, de data 19 de maio de 2020, é polo que se propón a adopción de seguinte
ACORDO:

PRIMEIRO.- Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, levantado, así mesmo e polos motivos



es CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

expostos, o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal nesta mesma data por importe de 249.964,26 €.

SEGUNDO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019 prorrogado para o 2020, o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 6/2020), aprobando as seguintes facturas :

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/ 2019/1790	02/07/2019	52	07/06/2019	2268,99	76324438L	JOSE A. BARRO MOUZO	REFORMAR PORTALES, PINTAR E COLOCAR (OBRA AROU)
F/ 2019/1867	09/07/2019	2	28/06/2019	7642,36	52434918R	RUBEN TOJA VIDAL	POR OBRAS REALIZADAS EN RUA DE ABAIXO DE AROU / HACER ESCALERAS E ACCESO A BAJO VIVIENDA Nº27 / ENFOSCADO DE PILARES DE
Eu espero e desexo que cando saquemos a concurso o subministro eléctrico este tochón de número de facturas da luz se reduza, espero e desexo que se reduza a facturación da luz porque fixemos unha obra no pinchón de Camelle que fai levemos xa un par de meses sen bombear auga do río”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Entendo o que me dis, o que non entendo é que sexan case 600.000 € de facturas que había no caixón que non se puideron pagar, estamos falando case de un 10% do orzamento anual, estase pagando no 2020 e agora estamos case en xuño de 2020, hai xente que leva case máis de seis meses para cobrar as facturas, paréceme unha exaxeración brutal, algo teredes



que recoñecer que estades facendo mal para ter semellante volume de facturas pendentes do ano pasado”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Dos 550.000 € os 50.000 € de Calixto si que están presupostados, simplemente é recoñecer o pago deses 500.000 €, unha parte importante a leva a pista de Reira.

Estou de acordo que hai que tomar unha serie de medidas, van 500.000 € a cargo do orzamento de 2020, é un compromiso deste equipo de goberno intentar no mandato, o que non podo é facer nun ano... na pista son máis de 10.000 € porque tamén está a canteiría da mina. Están 5.000 € ao mes pola recollida de cans, que creo que é unha competencia da Xunta pero esquivándose son os máximos, as velutinas son un montón de cartos que estou gastando en velutinas, ao mellor hai gastos, que ao mellor hai que dicir ata aquí cheguei e cada un que asuma as súa competencias pero ao mesmo tempo vai ser en detrimento dos cidadáns que non quero que pase tampouco.

O mandato son catro anos, tentaremos que isto mellore nos tres anos que quedan pero agora mesmo é prioritario pagar e o pleno é para recoñecer este pago de facturas, realmente son 195.000 € porque os 50.000 do pago a Calixto xa estaba presupostado, non hai moito máis que debater.

Ao mellor temos que facer algún tipo de recorte para asumir estes 500.000 € que ten que sufrir o orzamento de 2020, non é o mellor ano para recortar pero imos tentar facer un reaxuste, tentar sacar a concurso cousas, pero insisto que o prioritario e o pago a provedores”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista) Votos en contra: 0 Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

8º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-BNG

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo mixto-BNG, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG de Camariñas facemos eco das demandas do colectivo ENFERMEIRAS EVENTUAIS EN LOITA, as Enfermeiras Eventuais en Loita é un grupo de enfermeiras de toda Galicia que reclaman **DEREITOS LABORAIS BÁSICOS**, pois levan anos sendo desatendidas pola Administración.

Dende o BNG sempre defenderemos aos nosos sectores públicos como garantes da igualdade.



A Xunta de Galicia ven desatendendo continuamente a nosa sanidade, poñendo en risco o sistema público de saúde, **desmantelando centros sanitarios ou non dotando dos profesionais sanitarios axeitados e suficientes para atender á poboación**, como deixar sen cubrir vacantes médicas en pediatría, non cubrir baixas a vacacións dos profesionais e mantendo a precariedade laboral continua como é o caso das ENFERMEIRAS as cales nos solidarizamos nas súas demandas e as facemos nosas

Estas son as razóns polas que solicitamos ao PLENO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da corporación acorda solicitar ao SERGAS que cumpran as demandas das ENFERMEIRAS EVENTUAIS EN LOITA as cales axuntamos o dossier onde expoñen as súas demandas

Ao mesmo tempo propoñemos ao concello de Camariñas a sinatura do MANIFESTO POLO FIN DA PRECARIIDADE NA ENFERMERÍA GALEGA (www.enfermeirasenloita.es/manifesto) e animar aos membros desta corporación á asinar o mesmo en apoio as demandas deste colectivo.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Vou ler o manifesto: É moi probable que cando leas estas liñas esteas san e non teñas que recorrer á sanidade pública galega, ou pode ser que si, que tiveras que pasar pola man dos seus profesionais. Poida que vivas ou non esas circunstancias, pero non podemos agardar a que un problema nos afecte directamente para ser sensibles á realidade que nos rodea.

Hai anos que arrastramos un problema na Enfermaría galega; vémonos sometidas a unha precariedade laboral extrema que se agrava cada día máis. O persoal eventual non temos dereito a vacacións ou a permisos por matrimonio, nin baixas por enfermidade ou embarazo. Sufrimos continuamente a mobilidade entre servizos, a concatenación de contratos durante anos, dificultades para conciliar a vida familiar e social, ameazas de penalizacións nas listas de contratacións, etc, e isto afecta directamente á atención dos doentes, porque da man da precariedade, a calidade asistencial vese mermada.

Unha situación que vivimos en Galicia arredor de dez mil enfermeiras, e que se mantén durante máis de doce anos, aínda con varias convocatorias de oposicións aprobadas, o que demostra que non se satisfacen as necesidades reais da enfermaría porque as prazas sempre son insuficientes.

Traducido á realidade, a Administración considera que é mellor termos escravizadas e sen dereitos e así dispón de miles de profesionais formadas e non ubicadas en contratos estables, das que poden botar man a calquera hora do día ou da noite, que collerán o teléfono porque senón, non comen.

Por ese motivo o colectivo Enfermeiras Eventuais en Loita, que xurdiu a nivel autonómico, para loitar polos dereitos da profesión, quere rematar conesta situación de abuso continuo e, para iso, entende coma base das súas reivindicacións:

1. Loitar contra a Precariedade laboral instaurada no noso ámbito: A situación actual de inseguridade, incertidume e falla de garantías laborais, ten graves consecuencias non só para nós como traballadoras, senón tamén para as nosas familias e entorno en xeral, así como para a sociedade á que coidamos.
2. Defender a Sanidade Pública, Universal e de Calidade, como alicerce básico e fundamental do Estado de Benestar, recoñecendoa como a única maneira efectiva e sustentable de garantir a calidade e equidade na atención sanitaria de toda a cidadanía.
3. Avanzar no recoñecemento da Enfermaría como disciplina autónoma, empoderándoa e apoiándoa nos seus retos presentes e futuros, enalzando a súa labor asistencial,



investigadora, docente e dotándoa dunha maior influencia nas políticas de saúde e nos postos clave da xestión.

A enfermaría déixase a alma coidando aos que a necesitan, pero sentímonos indefensas, porque a Administración non nos coida. Por iso buscamos o teu apoio ó Manifesto, porque a precariedade laboral non pode ser compatible con un sistema de saúde de calidade.

Firmado “enfermeirasenloita”

A nosa moción é dicirla á Xunta de Galicia faga caso ás enfermeiras e que cheguemos a un acordo dentro do Concello para pedir que escoiten ás enfermeiras, é máis agora, isto foi antes do COVID e agora temos o COVID”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu creo que Galicia na xestión do COVID foi un exemplo bastante claro de efectividade, en ningún momento se veu sobrepasado o sistema sanitario, creouse un hospital nesta lexislatura anterior, vaise crear un hospital máis grande na Coruña na seguinte lexislatura, un compromiso da Xunta de Galicia coa sanidade fortísimo, de feito solicitouse a Madrid a ampliación de persoal para sacar novas prazas a concurso. Eu entendo que pode haber imperfeccións dentro do sistema pero para min o sistema galego é un sistema claro de boa xestión, e que en ningún momento se pasaron apuros nunha situación tan grave como foi a pandemia polo coronavirus, entón quere dicir que non estamos tan mal, cremos firmemente que o sistema galego funcionou moi ben na crise do coronavirus”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Desde logo Mauro o teu non ten nome nin apelidos, ti que cres que estas enfermeiras que xa estaban de antes, non de agora co Covid, que xa estaban de antes con precariedade, xa estaban sen contratos e sen nada... cres que están mentindo? Ou ti simplemente por defender ao PP vas dicir que isto é mentira?, vota en contra, vota o que queiras pero non digas semellante estupidez. En Galicia, te recordo, que claro que non houbo os caos que houbo en Madrid, que non tivemos tantos afectados, pero non podes dicir que foi unha bárbara xestión e senón vaite ao hospital de Cee, eu fun o outro día, ti fostes algo? Te pido por favor que cando non saibas do que falas vota en contra, vota o que queiras pero non digas que se está de ... aquí, porque non é verdade”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Mauro, eu creo que neste momento non imos discutir pola xestión do coronavirus porque sego dicindo que nos temos que unir todos para saír desta crise pero cando se iniciou todo isto a chamada que tivemos do hospital de Cee tanto da enfermería, como da dirección pedindo EPIs, que non tiñan EPIs, tivemos os alcaldes que volcarnos en Muxía, en Camariñas ... collendo buzos do Prestige, mascarillas, fixemos un traballo enorme,... protección civil carrexando todo para Cee.

Non me digas que a xestión foi boa, o que tivo sorte Feijóo é que a maioría dos alcaldes traballamos días e noites recollendo todo canto había ... e gastando todo o que non tiñamos ... e o ano que ven seguramente teremos un REC... A sorte que tivo Feijóo foi que as alcaldías estaban moi seguras e traballaron un montón.

Cando empezou a crise a primeira semana foi un auténtico caos, se fixo acopio de material do Prestige e a xente... volcouse todo o mundo, se entregou o que se tiña para que as enfermeiras estiveran cubertas.

Eu non podo opinar nin o que pasou en Vigo, nin o que pasou en Ourense, eu opino do hospital de Cee e os pobres estaban fatal”.



O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Temos que estar todos xuntos, sempre o pensei pero ante todo me gustaría que llva fose un pouquiño máis educada, parece que é complicado, pero por favor pídollo.

A xestión de subministrar os recurso no estado de alarma é competencia do Goberno Central pero que cada un saque as súas opinións. Eu sigo dicindo que para min a xestión que fixo a Xunta de Galicia foi moi boa, dentro das dificultades que tiveron todos os gobernos, para min a xestión da Xunta foi moi boa, se todo isto que está dicindo llva, que non digo que sexa mentira ... pero se todo este problema, que había antes do coronavirus, pasado o coronavirus levouse perfectamente, fomos das comunidades autónomas con menos taxa de mortalidade con todos os contaxios que houbo, entón non quero dicir se chegamos a estar ben”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ti estás a favor dos recortes”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Non estou a favor dos recortes, estou a favor dunha boa xestión, eu non estou dicindo a Sandra que recorte lle estou dicindo que xestione ben os recursos do Concello”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Mauro estás a favor de que recorten e non estás a favor das enfermeiras”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Ti non podes ter 100.000 camas UCI en Galicia por se ven unha pandemia, terás que ter as camas que xeralmente fan falta e un exceso por se hai algunha emerxencia, é imposible que teñas para todo.

Nunca se gastou tanto en Sanidade desde que está esta Xunta de Galicia, nunca tanto se gastou e este ano aínda se gastou máis que en todos os anos anteriores pero para ti é un recorte, pois todos os recortes que se fagan sexan así”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Porque veñen as eleccións, para ti son todo escusas”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A ver, estamos nun pleno telemático e non é fácil o debate polo tanto respectade as quendas porque senón é un lío.

Insisto, se a xestión foi boa en Galicia foi: primeiro porque o virus chegou un pouco máis tarde e nos confinamos todos ao mesmo tempo baixo a dirección do Goberno de España, se foi boa, logo, Feijóo ata agora non fixo nada porque o estado de alarma aínda está en vigor, estamos todos baixo a xestión do Goberno de España. Por outra banda, eu por agora non vin ningunha medida nin nada da Xunta para os Concellos de cara ao Covid, o que si saíron declaracións de que había que dar citas previas para ir as praias e cousas desas, polo de agora non chegou aos concellos absolutamente nada do Goberno da Xunta, absolutamente nada, e con isto creo que queda bastante debatida esta moción”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Recórdoche que cerrou antes Galicia do que cerrou o Goberno central”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Iso non é verdade Mauro”.



Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal mixto-BNG a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto -BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo mixto-BNG.

MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-BNG

En primeiro lugar procédeuse á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo mixto-BNG, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, establece o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei orgánica á que se fai referencia no citado artigo 15.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

- Equilibrio ou superávit estrutural.
- Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).
- Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidade sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit do concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas nas adjudicacións, con computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.



Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Por estes motivos, o grupo mixto-BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu creo que hoxe en día pode haber partes da lei que non sexan tan necesarias como foron no seu momento, cando había unha crise de endebedamento en todas as administracións públicas, de feito o Estado español debe máis do que vale, hoxe en día temos máis débeda que produto interior bruto, isto é preocupante e non se pode obviar esta parte. Entendemos que parte da lei ten que cambiarse, estaríamos a favor de que se modifiquen certas partes de lei, a lei integra vexo moi complicado que coa situación actual se poda modificar toda, entón nós, nos imos abster pensando que hai partes da lei que se deben derrogar pero hai outras partes que é necesario que se segan mantendo para que o endebedamento poda ter un freo e non sexa unha lacra no futuro”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Nós estamos de acordo co texto íntegro que presenta o BNG, para nós a Lei Montoro é un auténtico peso, de feito, moitas das facturas que temos que traer hoxe a REC son facturas que case ... nos levou a Lei Montoro. Sabedes que a taxa de reposición de efectivos é cero, o que fai que teñamos que contratar autónomos, isto encarece, e desde o 2008 ata 2020 van doce anos, e ao mellor perdermos en cada operario 1000 € ao mes, imaxínate durante doce meses e doce anos o que nos supón, e isto fai que teñamos que facer estes RECs.

Creo que non é o momento, era unha crise distinta a 2008 á que estamos a vivir agora, é fundamental para os concellos que se flexibilice dalgunha forma, non sei como, pero é case imposible cumprir os tres criterios que manda, sobre todo a regra de gasto que é imposible cumprila, eu o vexo case imposible, e como non cumpras un dos parámetros xa non podes utilizar para nada o remanente nin nada.

Supoño que non hai moito máis que debater, nós imos votar a favor de derrogar a Lei Montoro”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal mixto-BNG a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:



Votos a favor: 9 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto -BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo mixto-BNG.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

9º.- DECRETOS DE ALCALDÍA E COMUNICACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos firmados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación.

10º.- DAR CONTA DA NOVA ADSCRICIÓN DOS MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP Á CIAX E CEC

Dáse conta da nova adscripción á Comisión Informativa de Asuntos Xerais e á Comisión Especial de Contas dos/das Concelleiros/as, **do Grupo do grupo municipal do PP** (RXE nº 202000000000252, do 28 de xaneiro de 2020):

Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Titular: Santiago Pose Parga.

Suplente: Mauricio Aufiero Vigo.

Titular: Yolanda Fernández Pájaro

Suplente: Paula Mouzo Mas

Comisión Especial de Contas.

Titular: Mauricio Aufiero Vigo.

Suplente: Santiago Pose Parga.

Titular: Paula Mouzo Mas

Suplente: Yolanda Fernández Pájaro

11º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019

Dáse conta do conta da liquidación do exercicio 2019.

12º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN EMITIDO EN CUMPRIMENTO DO PREVISTO NA LEI 15/2010, DO 5 XUÑO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE



LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 1º TRIMESTRE DE 2020.

Dáse conta do informe da intervención emitido en cumprimento do previsto na Lei 15/2010, do 5 xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais do 1º trimestre 2020.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Aquí vemos reflectido que o PMP a provedores se acerca aos noventa días cando deberían de ser trinta, xa pedimos anteriormente, que tedes que facer un esforzo grande para que se rebaixe o período de pago especialmente polos nosos provedores porque necesitan eses cartos para poder subsistir”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Na dación de contas non se debate”.

13º.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 1º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta do conta do estado de execución do orzamento do 1º trimestre de 2020.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O primeiro rogo sería propoñer a baixada dos tipos impositivos municipais para o ano 2021 debido á crise e facer unha bonificación para as familias numerosas.

O segundo rogo, que o Concello faga unha subvención para todos os autónomos que se puideran ver afectados pola crise do coronavirus.

E o terceiro, un rogo máis concreto, a colocación dun espello no cruce da Grela en Xaviña, ao lado da florería Alecrín, é un cruce no que as herbas están altas e entón dificultan a visibilidade, para que así se facilite a incorporación nese cruce”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Só unha cousiña non sei eu se o Concello pode facer subvencións para autónomos, eu creo que o Concello non pode facer iso, estaría ben que o fíxese a Xunta”.

PREGUNTAS

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Xa son aptas as praias para o baño? Todas as praias, todos os areais de Camariñas?”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Hai praias que están no censo e outras que non están, por exemplo a Área de Trece non está no censo, eu creo que é apta para o baño, aínda que como non se analiza non pode estar no censo. Eu creo que ti vas por saber se agora Camelle e Area da Vila son aptas para o



baño, e non, non podemos poñer a Camelle e Area da Vila aínda aptas para o baño, cando coloquemos os carteis poñeremos que é unha praia con calidade de auga insuficiente segundo os datos dos últimos cinco anos e no que se recomendará non bañarse.

Ao tempo fíxemos unha serie de obras en Area da Vila e en Camelle que nos fai pensar que a auga xa é apta para o baño, pedimos unha analítica a empresa Espina e Delfín para que analice as augas, se dá ben solicitaremos a entrada no censo de praias.

Respecto as outra praias indicarche que a calidade da auga é excelente. A calidade da auga de Lingunde que non sei se era ben ou suficiente, ascendeu a excelente. O que confirma as nosas sospeitas de que ao estar Lingunde ao lado de Area da Vila que con toda probabilidade Area da Vila teña unha calidade polo menos suficiente”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Para cando?”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “A analítica a encarguei esta semana, aínda non a fixeron, supoño que a farán a principios da semana que ven”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “O que me estraña é que poñades en todos os sitios o da precaución do Covid, pero non vin que puxerades nada no facebook de que non son aptas para o baño”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Encargamos os carteis, o puxemos nas redes sociais porque quizá sexa o que máis chega rápido a xente pero unha cousa son as medidas do coronavirus e outra cousa é a calidade da auga”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero é que dentro das medidas do coronavirus fala tamén de ir a bañarse”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Antes da medida do coronavirus xa metiamos na praia da Area da Vila e na de Camelle que se recomendaba non bañarse”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Sobre as casas de Reira que están derrubando: cal cres ti que é a responsabilidade que ten o Concello aí?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Complicada a pregunta, hai preguntas que contestarei no próximo pleno se te parece. De todas maneira llva ti sabes que o Concello non ten ningunha competencia aí, que iso depende da APLU e que non temos absolutamente nada que ver”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ti sabes que hai licencias de obra, non? De galpón pero licencias de obras”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu sei o que me transmiten os propietarios”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Eu sei o que vexo”.



A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Se o que me preguntas é se eu quero que tiren as casas ou non, eu o que che digo é que non quero que se tire ningunha casa no meu concello”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Eu pregunto cal é responsabilidade do Concello?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Se de min dependera non se tiraban”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Eu pido a responsabilidade do Concello”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu creo que ningunha”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ningunha, de verdade? Eu creo que desde logo... me parece algo forte cando hai licencias”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A xente está no seu dereito de pedir a responsabilidade que considere, terán que ir ao xulgado, non es ti quen pide a responsabilidade”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero como alcaldesa te podo pedir que pensas ti cal é a responsabilidade do Concello”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero o que pense eu non vale, si valera o que eu pensaba non se tiraban, os que consideran que teñen responsabilidade o Concello teñen o xulgado para pedir a responsabilidade”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Xa sei que se pediron, hai de todo, hai denuncias, hai xuízos ... a Xunta ten a súa responsabilidade, eu non estou a favor de que estean as casas alí pero a culpa en teoría é de todos, dos donos, do Concello e sobre todo da Xunta. Eu non estou dicindo que a Xunta non teña culpa, porque a Xunta ten moita culpa, porque a denuncia foi de 50 casas e só tiran unhas poucas, pero a culpa a ten tanto o PSOE de Camariñas como o PP da Xunta”.

A concelleira do grupo municipal PP, Sra. Mouzo Mas: “Eu podo estar de acordo con Ilva en moitas cousas das que dixo pero dicir que os donos son tamén culpables non estou de acordo porque esas casas non teñen cinco anos nin dez, esas casas son do oitenta e pico e teñen licenza de obra”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero teñen licenza de obra de galpón”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Este é un punto de rogos e preguntas, unha pregunta unha contestación, non é un debate, se queremos debater sobre as casas de Reira presentamos unha moción se queredes na que instemos ao goberno da Xunta e a APLU a que non tiren ningunha construción no Concello de Camariñas, os ánimo a que presentedes esa moción que eu voto a favor dela, pero non é o momento de debater este tema porque é un tema complicado.

É unha pregunta, Ilva me preguntou se ten responsabilidade o Concello e eu lle digo que se a ten os propietarios tomen as medidas que teñen que tomar, nada máis, seguinte pregunta”.



O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O Concello ten previsto algún prazo para sacar a concurso, como tantas veces levades dicindo, os servizos do Concello como mantementos, limpezas, clases e demais. Tedes un prazo para fácelo?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Niso é onde se vai tentar aforrar e non ter que pasar por situacións como agora con este REC, agora xa temos na intervención como na secretaría ás nosas, estivemos cunha interventora acumulada a partir de agora empezaremos a sacar, eu creo que o primeiro será o SAF e despois pouquiño a pouco todos, é o meu compromiso, é o importante e é onde se pode aforrar. A luz e o SAF serán os dous primeiro que se saquen, agora nos seguintes meses, non sei cando, no vou poñer datas e sodes moi dados a poñer as datas, proximamente”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Un ano, dous anos...?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Anos non digo”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Este mandato”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Si, claro”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se fixo algún concurso para o mantemento e control de augas porque vemos que se incrementou de 1.800 € a máis de 4.200 € ao mes polo que excede con moito dos 15.000 € de contratación menor”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Prefiro contestar no próximo pleno esa pregunta, seguinte”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Nos decretos vexe a contratación por 2.400 € dun servizo para o control da facturación municipal da luz, canto tedes previsto aforrar con este servizo?”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Non sabería dicir, pero é o que comentara noutro pleno do porqué necesitabamos ese servizo é para controlar que as facturas que nos presentan estean correctas, naquel momento se pedira orzamento a unha empresa, agora se lle pediu a tres e contratamos coa máis económica”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Non hai unha valoración aínda”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Polo que me comentou a empresa as facturas están correctas, e está facendo unha serie de reaxustes polo tema da potencia”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Cantos barrendeiros están contratados no Concello de Camariñas? Teñen asignadas zonas de traballo por días? porque hai veciños que se queixan de nunca ven barrendeiros por certas zonas, era para saber cantos hai e se hai un planing de distribución”.



A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pola Lei de Montoro todos os que se están xubilando non se poden volver contratar, imos quedar sen barrendeiros como non derroguen esa lei rápido. Os que son, son autónomos porque barrendeiros creo que queda un ou dous. A de Camelle está de baixa a de Ponte do Porto de baixa...”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hai cinco barrenderios?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Barrendeiros hai dous”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “E autónomos facendo o traballo de barrendeiros?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Son cinco, pero non son barrendeiros fan de todo, non só barrer”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Vimos unha factura da reparación dos canóns, xa están no Concello, xa se sabe onde se van colocar?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Espera que vai Sergio a puntualizar o dos barrendeiros”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “É certo o que di Sandra que a taxa de reposición de efectivos está fatal, o que si avanzamos que proximamente se sacaran unhas bases de selección para unha bolsa de emprego para cubrir as baixas por maternidade, por incapacidade temporal ... e que tamén empregaremos cando haxa acumulación de tarefas, o que pretendemos é reducir a contratación de autónomos e que lle saía máis económico ao Concello”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “É o primeiro pago para que os levaran e fixeran unha memoria para presentar en Patrimonio, ten que autorizar Patrimonio a colocación exterior dos canóns, despois hai un último pago que é cando nos entregan os canóns”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hai unha factura de 5.204 € por eses cans abandonados, esa factura é mensual é anual? Ese servizo se mirou noutros lugares”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Mensual”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se mirou noutro sitio? Eu consultei o tema e creo que hai sitios que ofrecen o servizos máis economicamente que este, porque 2600 € ao mes por can, eu creo que habería que mirar outra ubicación, igual estamos pagado un pouco de máis”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Non é por un can, agora mesmo de memoria non sei os prezos que hai, pero case toda a Costa da Morte está traballando coa mesma empresa o cal non quere dicir que a haxa máis económica se ma pasas a valoramos. Aínda que si que sabemos que a Deputación de A Coruña ten previsto montar unha perrera para toda a provincia da Coruña polo que sairá moito máis económico esta competencia que agora temos que asumir, mentres tanto eu si que te agradecería que me pasaxes o contacto desa empresa para comparar prezos”.



O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “É que tampouco sei canto pagades por cada can ao mes polo que non che podo dicir se é máis barata ou non”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Pásote unha factura se queres o luns”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se mo comentas despois e podo axudar, non hai problema algún”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “É que as teño no móbil pero coa videoconferencia non podería acceder”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Seguimos atopando facturas do famoso camiión do lixo, tedes un prazo para solucionar este problema?, os poñedes un prazo para dar unha solución a esta sangría?”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Eu creo que si, o primeiro foi cambiar de taller. A semana pasada tivemos un problema no camiión, dixo o condutor que algo fallaba, e levaba tempo buscando outro taller, un taller que puidera traballar tanto o camiión como parte da caixa e o encontramos. O levamos a este taller, solucionaron o problema nunha semana, era un problema dunha válvula que ao tempo romperá un pistón e estropeado o turbo, están as válvulas cambiadas que creo que é algo que tiña que ter feito o anterior taller, e consultado a este taller como estaba o camiión me comentaron que o vían ben.

Un camiión novo vale bastantes cartos, ao mellor falamos de 200.000 € polo tanto imos tentar manter este e buscar opcións, non sei se a Xunta ou a Deputación nos botara unha man para comprar outro”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Me acordo que dixeras que o levabas ao taller de Betanzos porque era o único que tiña permiso para traballar ese camiión, que era o único que o podía arranxar, foi a resposta que me distes cando preguntei por que se levaba a Betanzos”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Si, correcto pero seguí buscando e encontrei”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Nestes dous últimos anos foron case 100.000 € en arranxos por iso a nosa insistencia porque non é unha cantidade insignificante.

Nun comentario do Concello de Camariñas que fala do enganche da xente de Ponte do Porto ao subministro da auga que se vai poder facer, falades de dúas partidas unha 17 € pola alta e 127 € pola acometida, a que se refire coa acometida?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A acometida é a acometida á casa. Os 127 € é a acometida á casa, ao edificio”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se a casa xa ten acometida non ten que pagar...?”.



A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Todas as casas de Ponte do Porto teñen acometidas con contadores postos desde fai case 12 anos, unha inversión de case 1.000.000 € que se fixo naquel momento, todas as casas teñen acometida e contador. Os 127 € é por tramitar a alta como abonado a auga do Concello de Camariñas e os 17 € é por piso, unha cousa é a acometida, a acometida son 127 € e se o edificio ten pisos son 17 € por cada piso”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Que empresa realizou a limpeza das cunetas do Monte de Brea porque taparon os marcos que había alí?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Foi persoal do Concello”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se nos queixou xente que os marcos dos bordes das pistas apareceron tirados máis atrás cando fixeron a limpeza”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Terei que falar co que conducía o tractor municipal e preguntareille pero a min ninguén me comunicou nada”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Sobre o PEPRI xa se pode ver, está aberto o prazo de alegacións, en que prazo está?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non, alegacións xa as houbo, está intentando Nel subir o que se aprobou na Xunta o xoves e xa se pode ver desde a páxina do Concello”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Van retirar as árbores que están na praza de Ponte do Porto fronte da igrexa”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non, non”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Vemos nun decreto a compra dunha finca que fixo o Concello de Camariñas pero observamos que nesa compra hai un reparo de intervención reiterado por secretaría de que se prescinde total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, por que?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “É na rúa Pinzón, un compromiso que tiña Pichurri e os compromisos hai que pagalos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Pero por que non se seguiron os procedementos legais esixidos?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Porque había que comprar esa finca, era esa, non era outra, estaba asinado un acordo entre Pichurri e o dono, e eu o único que fixen foi pagar o compromiso que tiñan porque efectivamente se colleu a finca do señor”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Pero por que non se seguiron os procedementos legais? Porque despois pode haber algún mal entendido algunha denuncia de certo tipo e se non se fan todos os procedementos pode haber denuncias”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Porque a posteriori é difícil facer un procedemento legal, había un compromiso, eu simplemente me dediquei a pagar o compromiso que había”.



O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “E a priori por que non se fai?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non estaba eu”.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 21:23 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asd. Sandra Insua Rial

Asd. M^a Loreto López Fernández